



Concello
de Arzúa

Concellaría de Promoción
Económica, Comercio e
Consumo

BASES PARA O SORTEO DE 50 TARXETAS REGALO – NADAL 23/24

1.- OBXECTIVO

A Campaña do Comercio Local: **“Arzúa, o teu mellor agasallo de Nadal”** que organiza a Concellaría de Promoción Económica, Comercio e Consumo do Concello de Arzúa, en colaboración co Centro Comercial Aberto de Arzúa (AECA) e ABANCA, leva a cabo un sorteo de 50 TARXETAS REGALO no que pode participar calquera persoa maior de idade que compre nos comercios e locais de restauración de Arzúa, durante o período da promoción, e que se leva a cabo conforme o establecido nas presentes bases.

2.- DURACIÓN E ÁMBITO

A presente promoción realizarase dende o 11 de decembro de 2023 ata o 11 de xaneiro de 2024.

Poderán participar nela todas as persoas físicas maiores de idade, que compren calquera produto ou servizo nos comercios e locais de restauración incluídos dentro do Centro Comercial Aberto de Arzúa (AECA), a excepción dos supermercados, farmacias e gasolineras, os cales quedan excluídos por ser servizos esenciais.

3.- REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Os participantes deberán realizar compras superiores a 30€ en calquera establecemento do Centro Comercial Aberto de Arzúa, excepto dos que están excluídos.

No ticket, superior a 30€, deberá escribir no reverso o seu nome e apelidos, DNI e número de teléfono, con letra clara e lexible.

Os tickets deberán de ser orixinais, polo que en caso de ser necesarios para garantías ou devolucións será preciso pedir un duplicado no momento da compra ou servizo.

Os tickets debidamente cubertos, deberán ser depositados na urna habilitada na entrada da Casa do Concello situado na Rúa Santiago nº2, dende o 11 de decembro de 2023 ata o 11 de xaneiro de 2024.

Poderá ser válida a participación da mesma persoa en tantos tickets como compras realice cumprindo estas bases.

4.- PERÍODO DE PARTICIPACIÓN

Serán válidos todos os tickets de compras realizadas entre o 11 de decembro de 2023 e o 11 de xaneiro de 2024, ambos os dous incluídos.

Todos os tickets fora de estes prazos non serán válidos, sendo así invalidados.



Concello
de Arzúa

Concellaría de Promoción
Económica, Comercio e
Consumo

5.- PREMIOS

A Campaña consiste no sorteo de 3.000€ en premios repartidos en 10 TARXETAS REGALO POR VALOR DE 100€ e 40 TARXETAS REGALO POR VALOR DE 50€ cada unha e para uso exclusivo nos comercios e locais de restauración do Centro Comercial Aberto de Arzúa.

As tarxetas regalos poderán ser empregadas dende a súa entrega ata o 29 de febreiro de 2024.

Os premios non poderán ser canxeados en metálico.

6.- DATA DO SORTEO

O sorteo realizarase o día 17 de xaneiro de 2024 ás 12 horas na Capela da Madanela ante o Secretario municipal do Concello ou funcionario municipal.

Retiraranse 50 tickets, e comprobarase que cumpran os requisitos establecidos nestas bases. En caso de incumprimento o ticket será descualificado e retirado do sorteo.

7.- NOTIFICACIÓN AOS PREMIADOS

O día 18 de xaneiro publicarase a lista cos nomes das persoas premiadas na páxina web, redes sociais e no taboleiro de anuncios do Concello de Arzúa.

As persoas agraciadas serán citadas telefonicamente para a recollida das Tarxetas Regalo no Departamento de Promoción Económica, Comercio e Consumo situado no segundo andar da Casa do Concello de Arzúa durante os días 22 e 23 de xaneiro, en horario de 09:00h a 14:00h, confirmando os datos coa presentación do DNI da persoa gañadora.

Para os efectos da notificación aos premiados, o Concello de Arzúa, en virtude do disposto no artigo 8 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), procederá ao tratamento dos datos persoais aquí reflectidos, de acordo coas competencias atribuídas pola lexislación aplicable ao réxime local, en aras de dar cumprimento ao interese público propugnado polo artigo 103 da CE en relación co disposto na Lei 39/2015, de 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e co regulado no artigo 6 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 (RXP). O órgano responsable e encargado do tratamento é o Concello de Arzúa cuxa dirección é Rúa Santiago nº 2 15810 Arzúa (A Coruña), segundo o disposto no Título V da LOPDGDD. Os datos proporcionados neste concurso, pasarán a formar parte dun Rexistro do Concello de Arzúa (A Coruña), onde poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición (incluíndo expresamente a limitación do tratamento) de acordo co Capítulo II do Título III da LOPDGDD; dirixindo ao Concello solicitude neste eido. Así mesmo, indicámoslle que o tratamento dos seus datos será realizado integramente segundo a LOPDGDD e o RXP.



Concello
de Arzúa

Concellaría de Promoción
Económica, Comercio e
Consumo

8.- OBRIGATORIEDADE E RESPONSABILIDADE DOS PREMIADOS

As Tarxetas Regalo serán única e exclusivamente de uso e disposición nos comercios, e locais de restauración do Centro Comercial Aberto de Arzúa, co fin de fomentar o consumo no comercio local.

As persoas premiadas son responsables do correcto uso das TARXETAS REGALO, debéndose evitar o uso fraudulento das mesmas.

9.- ACEPTACIÓN DAS BASES

O feito de participar no sorteo implica o coñecemento e a aceptación destas bases.

O Concello de Arzúa resérvase o dereito para introducir, se o cre conveniente, as modificacións necesarias para o bo funcionamento do sorteo.

10.- INCUMPRIMENTO

O incumprimento dalgunha das bases levará implícita a descualificación e retirada do Sorteo.

11.- NORMATIVA APLICABLE

As presentes bases vinculan á administración e a quen participe no sorteo, e tanto a convocatoria coas súas bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e formas que determine a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como no seu caso, na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Decreto de delegación de competencias 501/2023 de fecha 13 de xullo de 2023.

Begoña Balado Conde

En virtude do decreto de delegación de competencias nº 501/2023 de 13 de xullo de 2023.